ACTIVIDADE PORTFOLIO DE INFANTIL Curso 2010/11	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	"ADIVIÑA CANTO TE QUERO"
IDIOMAS	**x** GALEGO □ FRANCÉS □ CASTELÁN □ OUTRAS LINGUAS: □ INGLÉS
DESCRITORES A TRABALLAR	Escoitar e falar. - Escoitar con atención a lectura de textos literarios como os contos. - Compartir coas compañeiras e compañeiros interpretacións, sensacións, emocións e opinións tras a escoita dun conto. - Expresar con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias. - Describir sentimentos de maneira oral empregando vocabulario preciso. - Manifestar con palabras os propios sentimentos cara as persoas que queremos. Ler e escribir. - Comprender a descrición de sentimentos. - Recoñecer algunha propiedade significativa dos textos literarios (relación título contido, estrutura, personaxes...) - Facer uso da escritura para transmitir sentimentos cara as persoas que queremos. Reflexionar sobre a lingua.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	**X** COMPRENDER: **X** comprensión auditiva / **X** comprensión lectora **X** ESCOITAR **X** FALAR: **X** expresión oral / **X** interacción oral **X** LER **X** ESCRIBIR: **X** expresión escrita*
OBXECTIVOS	- Identificar os propios sentimentos e emocións e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas. - Utilizar as diversas linguaxes entendéndoas como instrumentos de

Modelo: MD55ST104/Revión: (00) 15/10/2004

	comunicación entre as persoas, de expresión das ideas e sentimentos e de representación da realidade. - Favorecer a participación das familias na realización da tarefa, como medio para favorecer a manifestación de sentimentos a través das palabras e de amosar interese por implicarse nas cousas dos seus fillos e fillas.
MATERIAIS	Conto e ficha para completar coas familias.
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	Partimos da lectura en voz alta do conto "Adiviña canto te quero". Explicamos aquelas palabras ou expresións que descoñecían. Despois dialogamos sobre o conto. Vemos a relación entre o título do conto e o seu contido. Falamos sobre a importancia de expresar os nosos sentimentos ás persoas que queremos e das maneiras de facelo. Destacamos que unha boa maneira de expresar os sentimentos é a través da linguaxe.Explicamos que, ás veces, cando queremos moito a alguén, intentamos describirlle o tamaño do noso sentimento. A continuación explicamos a actividade que terán que facer coas súas familias. A idea é que intenten expresar os seus sentimentos dunha maneira creativa e os plasmen nunhas cantas liñas (tanto o que exprese o neno ou nena como o adulto). Por último, reflexionamos sobre a actividade.
AVALIACIÓN: **Seguimento**	Avalíase a participación de todos os alumnos e alumnas, a creatividade na expresión (tanto na fala como na escrita), o uso dunha linguaxe respectuosa e unha presentación coidada.
AVALIACIÓN: **Nivel de participación**	
IMPACTO PREVISTO	Con esta actividade preténdese destacar a importancia de transmitir os sentimentos como medio para establecer relacións persoais positivas baseadas no respecto ás persoas e para a construción gradual da propia identidade e madurez emocional.

Modelo: MD55ST104/Revión: (00) 15/10/2004

* Lembrámosvos que o PEL de Infantil abrangue ata os 8 anos, sería nas derradeiras etapas deste nivel (de 6 a 8 anos) onde se recollería o apartado de escribir.